FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGf7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA Nº 2024/8

SESIÓN ORDINARIA
DO PLENO DA CORPORACIÓN

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,
VENRES, 26 DE XULLO DE 2024

No día de hoxe, ás **20:33 horas**, baixo a presidencia da Alcaldesa, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **sesión ordinaria,** do Pleno da Corporación.

ASISTEN:
PP
MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS
ESTEBAN ARES GARCÍA
SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA
RAMÓN MANUEL MARTINEZ RIAL
MARIEL AGRAFOJO NIETO
JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

PSdG-PSOE
ANA MARÍA DOMÍNGUEZ LAÍÑO (PSdG-PSOE)
JUAN JOSÉ PREGO CES
IRIA INSUA GONZÁLEZ
CRISTIAN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

GRUPO MIXTO (BNG)
ANXO MOLEDO CARREÑO
(*no inicio da sesión non está presente, incorporándose no momento indicado na Acta)*

AUSENCIAS:

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:
PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima do terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldía e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGf7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Parte resolutiva:

1 Aprobación, se procede, dos borradores das Actas das anteriores sesións.
2 Aprobación inicial, se procede, da MC 16/2024
3 Aprobación inicial, se procede, da MC 18/2024.
4 Aprobación inicial, se procede, da MC 19/2024
5 Aprobación inicial, se procede, da modificación da ordenanza fiscal reguladora da Taxa do Punto de Atención á Infancia.

Parte de control:

6 Dación de conta das Resolucións da Alcaldía: da 330/2024 á 459/2024.
7 Dación de conta dos acordos adoptados pola XGL
8 Dación de conta dos informes da Intervención relativos á estabilidade orzamentaria.
9 Dación de conta do PMP relativo ao 2T 2024
10 Inclusión de mocións por razón de urxencia
11 Rogos e preguntas

1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS ANTERIORES SESIÓNS.

A proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, é a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Pleno ordinario de xullo: aprobación de Actas anteriores.

Vistos os borradores das seguintes actas:

- Acta do Pleno do día 08.02.2024, coa proposta de corrección da citada acta.
- Acta do Pleno do día 22.03.2024
- Acta do Pleno do día 05.04.2024
- Acta do Pleno do día 14.05.2024

Por todo o exposto, proponse ao órgano competente a adopción do seguinte **ACORDO**: a aprobación das actas anteriores.

Asinado dixitalmente.
A Alcaldesa, Mª Teresa Villaverde Pais

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, sométense as Actas a Votación.

– *Acta do Pleno do día 08.02.2024, coa proposta de corrección da citada acta.*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta do Pleno do día 08.02.2024 coa seguintes correccións:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Primeira:
Corrixir a hora de inicio da sesión, xa que por un erro está recollida unha hora de inicio equivocada (12:05 horas). A hora correcta serían as 20:32 horas.

Segunda: Na páxina 8, tras o segundo parágrafo:

"D. Anxo Moledo Carreño sinala que non é cuestión de quitar obras. O que hai que facer é quitar algunha das obras do POS e solicitar unha subvención nominativa. Recorda que dende o seu partido ofrecéronse a acompañar á Alcaldesa á Deputación da Coruña para conseguir eses investimentos. Leva case 5 anos aí sentado, e a Alcaldesa nunca o chamou para esta finalidade"

engadiríase:

D. Anxo Moledo Carreño dille á Alcaldesa que está anunciando a bombo e plantillo que se van facer saneamentos novos en Lousame, saíndo na prensa. Así como a Alcaldesa vai á Xunta, tamén pode ir á Deputación e convidar aos demais a ir con ela, porque dende o seu grupo están para defender os intereses de Lousame. Como estamos en campaña electoral xa sabe porque dixo iso a Alcaldesa. Pero tamén lle ten que explicar aos veciños que se lle vai cobrar o recibo. Parece que hai supostamente unha ordenanza, que el non a veu, que hai que pagar o servizo. E parece ser que dende a Deputación lle dixeron a vostede que se puxera as pilas que había que cobrar esa ordenanza….

A Alcaldesa, contesta que dende a Xunta.

D. Anxo Moledo Carreño comenta que fixo esa consulta á Deputación da Coruña e é totalmente errado iso de que dende a Deputación lle pidan a un Concello que apliquen una ordenanza. Co cal a Alcaldesa estívolles faltando á verdade nesa Xunta de Portavoces. Sabe que estamos en campaña e que a Alcaldesa precisa facer campaña electoral, pero para iso xa temos ao Sr. Rueda...

A Alcaldesa pídelle por favor que non mencione ao Sr. Rueda nin fale das elección autonómicas, xa que ela non o fixo. Ela en ningún momento falou nin do Sr. Rueda nin de outro político autonómico.

D. Anxo Moledo Carreño contesta que el en ningún momento interrompeu á Alcaldesa.

A Alcaldesa replica que intervén para pedirlle que non siga por aí.

O Sr. Moledo Carreño comenta que cada vez que fala, non sabe se a Alcaldesa se pon nerviosa, sempre o interrompe.

A Alcaldesa di que non se pon nada nerviosa. Ten moitas cousas polas que poñerse nerviosa, e esta non o vai facer. Ela escoitou con atención á voceira do PSdG-PSOE porque estivo falando das obras do POS e do que ela considera que se debe facer coas obras do POS. Non está falando de ningunha campaña electoral.

O Sr. Moledo quere volver a intervir.

A Alcaldesa dille que siga falando das obras do POS e logo ela xa lle contestará.

O Sr. Moledo Carreño di que ela xa ten o seu turno de palabra para iso. E considera que se adiantou. Que a Alcaldesa ten o seu turno para falar segundo o Regulamento Municipal. E cre que a Alcaldesa xa gastou o seu primeiro turno de palabra para contestarlle á voceira do PSdG-PSOE.

Insiste en que el destinaría unha parte do POS á redución da débeda. A Deputación está reclamando aos Concellos que devolvan eses préstamos. O Concello de Lousame insiste en non devolvelos, pero si está a

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

devolver os préstamos que nos deixou a Xunta de Galicia. É case que un 1.000.000 de euros o que se lle debe á Deputación da Coruña. Aínda que sexa podería facerse un pequeno xesto. Hai Concellos que nunca se acolleron a estes préstamos. E hai outros Concellos que se adiantaron e xa a pagaron. E o Concello de Lousame debe a súa totalidade.

O Sr. Moledo Carreño dille a Alcaldesa que xa rematou a súa intervención e que agora ela pode contestar.

A Alcaldesa responde: "Ah, si? Grazas pola palabra, Alcalde sucedáneo"

Continuando a Acta no seguinte parágrafo:

"A Alcaldesa recorda que as Bases do POS saíron publicadas a finais de outubro. Calquera persoa que forme parte desta Corporación, dende esa data, ten que facer a súa labor, o seu traballo, pedir reunións e falar de todas as obras necesarias. E despois decidimos. E iso sempre o dixo. Tanto na anterior lexislatura como na anterior. Porque sempre pasa o mesmo"

– *Acta do Pleno do día 22.03.2024.*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta do Pleno do día 22.03.2024.

– *Acta do Pleno do día 05.04.2024.*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta do Pleno do día 05.04.2024.

– *Acta do Pleno do día 14.05.2024.*

Neste momento, sendo as 20:35 horas incorpórase á sesión o concelleiro do Grupo Mixto, D. Anxo Moledo Carreño.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por dez (10) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstencións (emitida polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta do Pleno do día 14.05.2024.

2) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MC 16/2024

A proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, ditaminada pola Comisión Informativa, é a seguinte, solicitándolle a Alcaldía á Secretaria-Interventora que proceda á lectura da parte dispositiva:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGf7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGf7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PROPOSTA DA ALCALDÍA DITAMINADA POLA CIACP DO DÍA 19/07/2024
Resultado da votación na CIAP:
4 votos a favor (GPM do PP)
3 abstención2 (GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto)

"O Pleno Corporativo, órgano competente para adopción do presente acordo, adóptao en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos

Primeiro: Existen unha serie de gastos, cuxa dotación orzamentaria é necesaria, referidos ao capítulo 6 de gastos; non previstos no orzamento 2024, co seguinte detalle:

Aportación municipal na subvención da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para as seguintes obras:

a) Instalación eléctrica en Pousada
b) Impermeabilización depósito de auga na Silva

Segundo: A día de hoxe na bolsa de vinculación afectada (1.6) non hai crédito suficiente para a asunción dos anteriores gastos. Polo que é necesario dotar crédito nas aplicacións seguintes, e polos importes indicados:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Proxecto	CRÉDITO XERADO/ €	TOTAL DISPOÑIBLE/ €
165.61900	Instalación eléctrica en Pousada	3.285,16	3.285,16
161.63200	Impermeabilización de depósito de auga en A Silva	4.950,64	4.950,64
		8.235,80	**8.235,80**

Terceiro: Este expediente de modificación de créditos **16/2024**, finánciase coas baixas nas seguintes aplicacións, que se estiman reducibles sen perturbar o servizo: 5

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	EUROS
231.130.00	5.000,00
231.130.02	3.235,80
	8.235,80

Cuarto: Dado que cabe efectuar transferencias de créditos entre aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a diferentes área de gasto, segundo se explica na Memoria que consta no expediente administrativo.

Considerando o disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, o **Pleno Corporativo do Concello de Lousame**, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. **16/2024**, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de diferente área de gasto, de acordo ao seguinte detalle:

Altas en aplicacións de Gastos:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CRÉDITO XERADO/ €	TOTAL DISPOÑIBLE/ €
165.61900	3.285,16	3.285,16
161.63200	4.950,64	4.950,64
	8.235,80	**8.235,80**

Total transferencia positiva: 8.235,80 €

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Baixas en aplicacións de Gastos:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	EUROS
231.130.00	5.000,00
231.130.02	3.235,80
	8.235,80

Total transferencia negativa: 8.235,80 €

Segundo.- Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamación ante o Pleno Corporativo.

Terceiro.- Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente este acordo.

Cuarto.- No caso de que na execución dos proxectos de gasto existan economías, autorízase a realizar unha TC/; necesaria para o axuste final dos mesmos.

Quinto.- Contra a súa aprobación, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición."

Documento asinado dixitalmente.

A Alcaldesa
Mª Teresa Villaverde Pais

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación.

6

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP) e cinco (5) abstencións (emitidas polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOEe Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

"O Pleno Corporativo, órgano competente para adopción do presente acordo, adóptao en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos

Primeiro: Existen unha serie de gastos, cuxa dotación orzamentaria é necesaria, referidos ao capítulo 6 de gastos; non previstos no orzamento 2024, co seguinte detalle:

Aportación municipal na subvención da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para as seguintes obras:

a) Instalación eléctrica en Pousada
b) Impermeabilización depósito de auga na Silva

Segundo: A día de hoxe na bolsa de vinculación afectada (1.6) non hai crédito suficiente para a asunción dos anteriores gastos. Polo que é necesario dotar crédito nas aplicacións seguintes, e polos importes indicados:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Proxecto	CRÉDITO XERADO/ €	TOTAL DISPOÑIBLE/ €
165.61900	Instalación eléctrica en Pousada	3.285,16	3.285,16

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

161.63200	Impermeabilización de depósito de auga en A Silva	4.950,64	4.950,64
		8.235,80	**8.235,80**

Terceiro: Este expediente de modificación de créditos **16/2024**, finánciase coas baixas nas seguintes aplicacións, que se estiman reducibles sen perturbar o servizo:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	EUROS
231.130.00	5.000,00
231.130.02	3.235,80
	8.235,80

Cuarto: Dado que cabe efectuar transferencias de créditos entre aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a diferentes área de gasto, segundo se explica na Memoria que consta no expediente administrativo.

Considerando o disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, o **Pleno Corporativo do Concello de Lousame**, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. **16/2024**, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de diferente área de gasto, de acordo ao seguinte detalle:

Altas en aplicacións de Gastos:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CRÉDITO XERADO/ €	TOTAL DISPOÑIBLE/ €
165.61900	3.285,16	3.285,16
161.63200	4.950,64	4.950,64
	8.235,80	**8.235,80**

Total transferencia positiva: 8.235,80 €

Baixas en aplicacións de Gastos:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	EUROS
231.130.00	5.000,00
231.130.02	3.235,80
	8.235,80

Total transferencia negativa: 8.235,80 €

Segundo.- Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamación ante o Pleno Corporativo.

Terceiro.- Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente este acordo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGf7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Cuarto.- No caso de que na execución dos proxectos de gasto existan economías, autorízase a realizar unha TC/; necesaria para o axuste final dos mesmos.

Quinto.- Contra a súa aprobación, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición."

3) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MC 18/2024

A proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, ditaminada pola Comisión Informativa, é a seguinte, solicitándolle a Alcaldía á Secretaria-Interventora que proceda á lectura da parte dispositiva:

PROPOSTA DA ALCALDÍA DITAMINADA POLA CIACP DO DÍA 19/07/2024
Resultado da votación na CIAP:
4 votos a favor (GPM do PP)
3 abstención2 (GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto)

***"Antecedentes administrativos*:**

Primeiro: Por Providencia da Alcaldía do 27.02.2024 incóase o procedemento para a confección e aprobación da Liquidación do Orzamento de 2023.

Segundo: Con data de 27.02.2024 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 23/2024 referente á aprobación da liquidación do expediente do orzamento. Con data de 28.02.2024 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 24/2024 relativo ao cumprimento da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de endebedamento na liquidación do Orzamento de 2023.

Terceiro: Por Resolución da Alcaldía núm. 116/2024 do 28.02.2023 apróbase a Liquidación do Orzamento de 2023, da que derivan as seguintes magnitudes a 31.12.2023:

- Superávit orzamentario de **321.271,99 €**
- RLTGX de **264.262,34 €**
- Endebedamento a 31.12.2023:
  - Con entidades bancarias ou financeiras: **0,00 €**
  - Coa Deputación Provincial (Préstamos Provinciais) a 31.12.2023: **900.308,55 €**
  - Co IGVS (Fondo de Cooperación 2022 e 2023) a 31.12.2023: **251.511,24 €**
- Período Medio de Pago a Provedores a 31.12.2023: **21,48 días**

Cuarto: Parte do RLTGX tivo que ser empregado con anterioridade para o financiamento das seguintes Modificacións orzamentarias, coa finalidade e importes que de seguido se indican:

MC financiada con RLTGX	Obxecto	Importe consumido do RLTGX
MC 4/2024	Incorporación obrigatoria de remanentes de créditos do exercicio 2023 ao 2024, por tratarse de proxectos de gasto afectados ou por tratarse de gastos xa comprometidos	43.681,92 €
MC 5/2024	Achega municipal exercicio 2024 Convenio asinado entre Concello de Lousame e Augas de Galicia para construción de rede de saneamento e EDAR	20.000,00 €
	Cancelación da débeda comercial, incluída na conta 4130 a 31.12.2023.	79.670,92 €

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGf7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

	Facturas relativas ao 2023 con entrada no exercicio 2024	16.144,05 €
	Total RLTGX consumido nas MC 4/2024 e 5/2024	159.496,89

Quinto: Por Providencia da Alcaldía incóase o procedemento para tramitar a MC 18/2024, modalidade Crédito Extraordinario

Sexto: A Alcaldía emite a Memoria no cumprimento do sinalado no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 21 de abril.

***Fundamentación xurídica*:**

Primeiro: Segundo a ADDENDA do convenio remitido por Augas de Galicia o día 10/11/2023 con rexistro de entrada 202390000000657(Convenio asinado entre Concello de Lousame e Augas de Galicia para construción de rede de saneamento e EDAR), a distribución do convenio por anualidades, é a seguinte:

Ano	Execución anual estimada	Augas de Galicia/€	Concello/€	Crédito orzamentario/€
2024	99.999,98 €	79.999,98 €	20.000,00 €	20.000,00 €
2025	913.741,62 €	730.993,30 €	182.748,32 €	182.748,32 €
2026	95.199,22 €	76.159,38 €	19.039,84 €	19.039,84 €
TOTAIS	1.108.940,82 €	887.152,66 €	221.788,16 €	221.788,16 €

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 438 do 09/07/2024, aprobouse a achega municipal do exercicio 2024, por importe de 20.000,00 €; ordenándose o seu pagamento ao ente Augas de Galicia.

Segundo a cláusula quinta da ADDENDA: "*A cantidade correspondente a anualidade 2025, estipulada na cláusula 5.1, a aboará no primeiro trimestre do exercicio, sen necesidade de requirimento previo de Augas de Galicia*".

Para poder cumprimentar a obriga anterior no prazo establecido, este Concello considera oportuno empregar parte do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais existente, para adiantar parcialmente ao exercicio 2024 a achega que tería que asumir o Concello no exercicio 2025. E así facer unha achega municipal adicional no exercicio 2024; que alixeire a achega que o Concello deberá realizar no exercicio 2025.

Dotar a contía de 182.748,32 € con cargo aos recursos propios do Orzamento definitivo 2025 é difícil; e podería abocar ao Concello á concertación dunha operación de endebedamento a longo prazo, cos custos financeiros correspondentes. Ademais podería incumprirse a obriga de efectuar a achega no primeiro trimestre do exercicio 2025.

Por este motivo, considérase máis eficiente, empregar o actual Remanente para realizar unha dotación adicional á ordinaria, no exercicio 2024.

Segundo: A modificación de crédito **18/2024** será financiada co Remanente de Tesourería para gastos xerais (RLTGG), derivado da Liquidación do exercicio 2023, de acordo cos artigos 177 do TRLRFL e 36.1.a) do RD 500/1990, de 20 de abril.
Terceiro: O detalle das aplicacións orzamentarias nas que se pretende dotar crédito específico mediante a tramitación deste expediente de modificación orzamentaria son as seguintes:

AG	Econ	Nivel de vinculación xurídica	Texto Explicativo	CI	CE 5/24	CE 18/24	CD
160	60900	2023/4/16.23/1	Achega municipal adicional exercicio 2024. Convenio asinado entre Concello de Lousame e Augas de Galicia para construción de rede de saneamento e EDAR	0	20.000,00	100.000,00	120.000,00

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, nos artigos 35 e ss. do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Título VI da Lei de facendas locais, reguladores dos créditos extraordinarios, e o artigo 21.1 apartados f) e s) da Lei de bases do réxime local; este **Pleno Corporativo do Concello de Lousame**, **ACORDA**:

PRIMEIRO: A aprobación inicial da modificación de crédito núm. **18/2024**, mediante a que se dotará crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan no seguinte cadro, financiando tal modificación co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais por importe de **100.000,00 €**:

Núm. expediente de MC por CE	18 / 2024
Importe da modificación orzamentaria	100.000,00 €
Tipo de financiamento	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais. 87000 / RLTGX
Aplicacións orzamentarias nas que se	- 160.60900, por importe de 100.000,00 € para a achega municipal adicional

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

dota crédito específico e finalidade da modificación orzamentaria	do exercicio 2024, no cumprimento do Convenio de Colaboración asinado con Augas de Galicia para a execución dunha EDAR e rede de saneamento.

SEGUNDO: Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante o prazo de 15 días hábiles, durante os cales o interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamacións ante o Pleno Corporativo"

Documento asinado dixitalmente.

A Alcaldesa
Mª Teresa Villaverde Pais

A Alcaldesa abre a quenda de intervencións.

O voceiro do Grupo Mixto explica que vai votar en contra, xa que consideran que eses 100.000 euros poderíanse destinar para investir no campo de fútbol de Cabanetán. O Concello debe ser leal con esa xente. Se hai 100.000 euros para poder gastar neste intre, a obra do arranxo do campo de fútbol de Cabanetán é moi necesaria e eses cartos deberían ir destinados aí.

A Alcaldesa sinala que dende o primeiro momento que falou con esa xente está intentando conseguir financiamento. Eses 100.000 euros non chegan para o arranxo do campo de fútbol de Cabanetán. Ese dato xa o coñece o Sr. Moledo Carreño, xa que se falou do orzamento do custo da obra. Hoxe mesmo tivo reunión con algún representante desa asociación, pola mañá. E seguirá a intentar acadar esa financiación.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP), catro (4) abstencións (emitidas polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE) e un (1) voto en contra (emitido polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

***"Antecedentes administrativos*:**

Primeiro: Por Providencia da Alcaldía do 27.02.2024 incóase o procedemento para a confección e aprobación da Liquidación do Orzamento de 2023.

Segundo: Con data de 27.02.2024 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 23/2024 referente á aprobación da liquidación do expediente do orzamento. Con data de 28.02.2024 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 24/2024 relativo ao cumprimento da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de endebedamento na liquidación do Orzamento de 2023.

Terceiro: Por Resolución da Alcaldía núm. 116/2024 do 28.02.2023 apróbase a Liquidación do Orzamento de 2023, da que derivan as seguintes magnitudes a 31.12.2023:

- Superávit orzamentario de **321.271,99 €**
- RLTGX de **264.262,34 €**
- Endebedamento a 31.12.2023:
  - Con entidades bancarias ou financeiras: **0,00 €**
  - Coa Deputación Provincial (Préstamos Provinciais) a 31.12.2023: **900.308,55 €**
  - Co IGVS (Fondo de Cooperación 2022 e 2023) a 31.12.2023: **251.511,24 €**

CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

– Período Medio de Pago a Provedores a 31.12.2023: **21,48 días**

Cuarto: Parte do RLTGX tivo que ser empregado con anterioridade para o financiamento das seguintes Modificacións orzamentarias, coa finalidade e importes que de seguido se indican:

MC financiada con RLTGX	Obxecto	Importe consumido do RLTGX
MC 4/2024	Incorporación obrigatoria de remanentes de créditos do exercicio 2023 ao 2024, por tratarse de proxectos de gasto afectados ou por tratarse de gastos xa comprometidos	43.681,92 €
MC 5/2024	Achega municipal exercicio 2024 Convenio asinado entre Concello de Lousame e Augas de Galicia para construción de rede de saneamento e EDAR	20.000,00 €
	Cancelación da débeda comercial, incluída na conta 4130 a 31.12.2023.	79.670,92 €
	Facturas relativas ao 2023 con entrada no exercicio 2024	16.144,05 €
	Total RLTGX consumido nas MC 4/2024 e 5/2024	159.496,89

Quinto: Por Providencia da Alcaldía incóase o procedemento para tramitar a MC 18/2024, modalidade Crédito Extraordinario

Sexto: A Alcaldía emite a Memoria no cumprimento do sinalado no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 21 de abril.

***Fundamentación xurídica*:**

Primeiro: Segundo a ADDENDA do convenio remitido por Augas de Galicia o día 10/11/2023 con rexistro de entrada 202390000000657(Convenio asinado entre Concello de Lousame e Augas de Galicia para construción de rede de saneamento e EDAR), a distribución do convenio por anualidades, é a seguinte:

Ano	Execución anual estimada	Augas de Galicia/€	Concello/€	Crédito orzamentario/€
2024	99.999,98 €	79.999,98 €	20.000,00 €	20.000,00 €
2025	913.741,62 €	730.993,30 €	182.748,32 €	182.748,32 €
2026	95.199,22 €	76.159,38 €	19.039,84 €	19.039,84 €
TOTAIS	1.108.940,82 €	887.152,66 €	221.788,16 €	221.788,16 €

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 438 do 09/07/2024, aprobouse a achega municipal do exercicio 2024, por importe de 20.000,00 €; ordenándose o seu pagamento ao ente Augas de Galicia.

Segundo a cláusula quinta da ADDENDA: "*A cantidade correspondente a anualidade 2025, estipulada na cláusula 5.1, a aboará no primeiro trimestre do exercicio, sen necesidade de requirimento previo de Augas de Galicia*".

Para poder cumprimentar a obriga anterior no prazo establecido, este Concello considera oportuno empregar parte do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais existente, para adiantar parcialmente ao exercicio 2024 a achega que tería que asumir o Concello no exercicio 2025. E así facer unha achega municipal adicional no exercicio 2024; que alixeire a achega que o Concello deberá realizar no exercicio 2025.

Dotar a contía de 182.748,32 € con cargo aos recursos propios do Orzamento definitivo 2025 é difícil; e podería abocar ao Concello á concertación dunha operación de endebedamento a longo prazo, cos custos

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

financeiros correspondentes. Ademais podería incumprirse a obriga de efectuar a achega no primeiro trimestre do exercicio 2025.

Por este motivo, considérase máis eficiente, empregar o actual Remanente para realizar unha dotación adicional á ordinaria, no exercicio 2024.

Segundo: A modificación de crédito **18/2024** será financiada co Remanente de Tesourería para gastos xerais (RLTGG), derivado da Liquidación do exercicio 2023, de acordo cos artigos 177 do TRLRFL e 36.1.a) do RD 500/1990, de 20 de abril.
Terceiro: O detalle das aplicacións orzamentarias nas que se pretende dotar crédito específico mediante a tramitación deste expediente de modificación orzamentaria son as seguintes:

AG	Econ	Nivel de vinculación xurídica	Texto Explicativo	CI	CE 5/24	CE 18/24	CD
160	60900	2023/4/16.23/1	Achega municipal adicional exercicio 2024. Convenio asinado entre Concello de Lousame e Augas de Galicia para construción de rede de saneamento e EDAR	0	20.000,00	100.000,00	120.000,00

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, nos artigos 35 e ss. do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Título VI da Lei de facendas locais, reguladores dos créditos extraordinarios, e o artigo 21.1 apartados f) e s) da Lei de bases do réxime local; este **Pleno Corporativo do Concello de Lousame**, **ACORDA**:

PRIMEIRO: A aprobación inicial da modificación de crédito núm. **18/2024**, mediante a que se dotará crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan no seguinte cadro, financiando tal modificación co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais por importe de **100.000,00 €**:

Núm. expediente de MC por CE	18 / 2024
Importe da modificación orzamentaria	100.000,00 €
Tipo de financiamento	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais. 87000 / RLTGX
Aplicacións orzamentarias nas que se dota crédito específico e finalidade da modificación orzamentaria	- 160.60900, por importe de 100.000,00 € para a achega municipal adicional do exercicio 2024, no cumprimento do Convenio de Colaboración asinado con Augas de Galicia para a execución dunha EDAR e rede de saneamento.

SEGUNDO: Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante o prazo de 15 días hábiles, durante os cales o interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamacións ante o Pleno Corporativo"

4) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MC 19/2024

A proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, ditaminada pola Comisión Informativa, é a seguinte, solicitándolle a Alcaldía á Secretaria-Interventora que proceda á lectura da parte dispositiva:

PROPOSTA DA ALCALDÍA DITAMINADA POLA CIACP DO DÍA 19/07/2024
Resultado da votación na CIAP:
4 votos a favor (GPM do PP)
3 abstencións (GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

"O Pleno Corporativo, órgano competente para adopción do presente acordo, adóptao en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos

Primeiro: Existen unha serie de gastos, cuxa dotación orzamentaria é necesaria, referidos ao capítulo 6 de gastos; non previstos no orzamento 2024, co seguinte detalle:

"Reposición Bomba-Motor piscina municipal"

Segundo: A día de hoxe na bolsa de vinculación afectada (3.6) non hai crédito suficiente para a asunción dos anteriores gastos. Polo que é necesario dotar crédito nas aplicacións seguintes, e polos importes indicados:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Proxecto	CRÉDITO XERADO/ €	TOTAL DISPOÑIBLE/ €
342.63300	Reposicións Bomba-motor pisicina municipal	3.740	3.740

Terceiro: Este expediente de modificación de créditos **19/2024**, finánciase coas baixas nas seguintes aplicacións, que se estiman reducibles sen perturbar o servizo:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	EUROS
920.16000	1.600
231.130.00	1.140
231.130.02	1.000
	3.740

Cuarto: Dado que cabe efectuar transferencias de créditos entre aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a diferentes área de gasto, segundo se explica na Memoria que consta no expediente administrativo.

Considerando o disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, o **Pleno Corporativo do Concello de Lousame**, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. **19/2024**, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de diferente área de gasto, de acordo ao seguinte detalle:

Altas en aplicacións de Gastos:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CRÉDITO XERADO/ €	TOTAL DISPOÑIBLE/ €
342.63300	3.740	3.740

Total transferencia positiva: 3.740 €

Baixas en aplicacións de Gastos:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	EUROS
920.16000	1.600
231.130.00	1.140
231.130.02	1.000
	3.740

Total transferencia negativa: 3.740 €

Segundo.- Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamación ante o Pleno Corporativo.

Terceiro.- Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente este acordo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGf7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Cuarto.- No caso de que na execución dos proxectos de gasto existan economías, autorízase a realizar unha TC/; necesaria para o axuste final dos mesmos.

Quinto.- Contra a súa aprobación, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición"

Documento asinado dixitalmente.

A Alcaldesa
Mª Teresa Villaverde Pais

A Alcaldesa explica que se trata de substituír unha das bombas da piscina. Se non se substitúe vaise provocar a avaría da outra por sobre utilización, ao non ter alternancia....

A voceira do PSdG-PSOE explica que se o seu grupo de abstén na votacións destas modificacións de crédito o fan porque consideran que son xestións municipais, necesarias para o mantemento das instalacións, pero que incumben ao equipo de goberno.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por sete (7) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e Grupo Mixto) e catro (4) abstencións (emitidas polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

"O Pleno Corporativo, órgano competente para adopción do presente acordo, adóptao en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos

Primeiro: Existen unha serie de gastos, cuxa dotación orzamentaria é necesaria, referidos ao capítulo 6 de gastos; non previstos no orzamento 2024, co seguinte detalle:

"Reposición Bomba-Motor piscina municipal"

Segundo: A día de hoxe na bolsa de vinculación afectada (3.6) non hai crédito suficiente para a asunción dos anteriores gastos. Polo que é necesario dotar crédito nas aplicacións seguintes, e polos importes indicados:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Proxecto	CRÉDITO XERADO/ €	TOTAL DISPOÑIBLE/ €
342.63300	Reposicións Bomba-motor pisicina municipal	3.740	3.740

Terceiro: Este expediente de modificación de créditos **19/2024**, finánciase coas baixas nas seguintes aplicacións, que se estiman reducibles sen perturbar o servizo:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	EUROS
920.16000	1.600
231.130.00	1.140
231.130.02	1.000

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

	3.740

Cuarto: Dado que cabe efectuar transferencias de créditos entre aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a diferentes área de gasto, segundo se explica na Memoria que consta no expediente administrativo.

Considerando o disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, o **Pleno Corporativo do Concello de Lousame**, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. **19/2024**, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de diferente área de gasto, de acordo ao seguinte detalle:

Altas en aplicacións de Gastos:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CRÉDITO XERADO/ €	TOTAL DISPOÑIBLE/ €
342.63300	3.740	3.740

Total transferencia positiva: 3.740 €

Baixas en aplicacións de Gastos:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	EUROS
920.16000	1.600
231.130.00	1.140
231.130.02	1.000
	3.740

Total transferencia negativa: 3.740 €

Segundo.- Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamación ante o Pleno Corporativo.

Terceiro.- Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente este acordo.

Cuarto.- No caso de que na execución dos proxectos de gasto existan economías, autorízase a realizar unha TC/; necesaria para o axuste final dos mesmos.

Quinto.- Contra a súa aprobación, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición"

5) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGf7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, ditaminada pola Comisión Informativa, é a seguinte, solicitándolle a Alcaldía á Secretaria-Interventora que proceda á lectura da moción:

PROPOSTA DA ALCALDÍA DITAMINADA POLA CIACP DO DÍA 19/07/2024
Resultado da votación na CIAP:
4 votos a favor (GPM do PP)
3 abstencións (GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto)

Asunto: Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servicio do punto de atención á infancia
Expediente: 2024/G016/000004

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamentos xurídicos:

Antecedentes Administrativos:

1.- O 20/06/2024 a Educadora Social do Concello emite informe no seguinte senso:

"Á vista do requirimento de emenda efectuado pola Subdirección Xeral de Autorización e inspección de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, onde establece que para acollerse á Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal, débese aplicar o réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, que aproba o réxime de prezos das escolas infantís dependentes desta Consellería, establecendo no seu artigo primeiro que os prezos públicos se actualizarán cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo (IPC) para a Comunidade Autónoma de Galicia no mes de xaneiro anterior ao do curso escolar en que se pretenda que produza efectos, mediante resolución, que se publicará no Diario Oficial de Galicia, do órgano de dirección competente en materia de familia e infancia. O prezo que se establece no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 €"

"Considérase procedente levar a cabo unha modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora Da Taxa pola prestación do Servicio do Punto de Atención á Infancia (Nº de BOP 166 , do 1 de setembro de 2022 tendo en conta a normativa vixente, xa que a gratuidade educativa de 0-3 anos favorece a situación económico a todas aquelas familias que matriculen aos menores no Punto de Atención á Infancia"

2.- O 08/07/2024 a Alcaldía emite providencia incoando o expediente administrativo e solicitando informe á secretaría-intervención municipais

3.- O 10/07/2024 a Educadora Social do Concello emite informe no seguinte senso:

"Visto que no Informe Técnico emitido o 20 de xuño de 2024 relativo á necesidade de acometer unha modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do Servizo do PAI, presenta unha inconcreción xa que non se reflicte a normativa completa de aplicación. Polo tanto queda substituído polo seguinte informe:

Á vista do requirimento de emenda efectuado pola Subdirección Xeral de Autorización e inspección de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, onde establece que para acollerse á Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal, débese aplicar o réxime de prezos previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, que aproba o réxime de prezos das escolas infantís dependentes desta Consellería, e na RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos. O prezo que se establece na RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2017, pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 €"

"Considérase procedente levar a cabo unha modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora Da Taxa pola prestación do Servicio do Punto de Atención á Infancia (Nº de BOP 166 , do 1 de setembro de 2022) tendo en conta a normativa vixente, xa que a gratuidade educativa de 0-3 anos favorece a situación económico a todas aquelas familias que matriculen aos menores no Punto de Atención á Infancia"

4.- O 10/07/2024 a secretaria-interventora emite o seu informe núm. 131/2024, que se incorpora ao expediente administrativo.

Fundamentos Xurídicos:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGf7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

2. O procedemento para aprobar a modificación da ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da *Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia*, que quedará redactada do seguinte xeito:

Modificación do Anexo da Ordenanza Fiscal, punto 1 e punto 2	
Modificación proposta	1. Cota tributaria pola atención educativa. A cota tributaria pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 €. Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 2 deste anexo. Cando o alumnado teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, a cota tributaria da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar. 2. Aplicación da cota tributaria mensual segundo os tramos de renda da unidade familiar. a) Rendas inferiores ao 30 por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €. b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €. c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM. Prezo da praza: 34,91 €. d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Prezo da praza: 69,81 €. e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM. Prezo da praza: 112,13 €. f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM. Prezo da praza: 133,29 €. g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 147,05 €. h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 169,26 €.

Segundo: Abrir un período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da sede electrónica do Concello.

Terceiro: No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGf7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Cuarto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da modificación da ordenanza terá lugar cando se publique completamente o texto da modificación no Boletín Oficial da Provincia".

Documento asinado dixitalmente.

A Alcaldesa
Mª Teresa Villaverde Pais

A Alcaldesa abre a quenda de intervención aclarando que a asistencia vai seguir sendo de balde para os pais, pero que é necesario adaptar os prezos aos fixados pola Xunta de Galicia para as escolas autonómicas.

Á voceira do PSdG-PSOE parécelle ben que siga sendo de balde.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por sete (7) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e Grupo Mixto) e catro (4) abstencións (emitidas polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

Asunto: Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servicio do punto de atención á infancia
Expediente: 2024/G016/000004

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamentos xurídicos:

Antecedentes Administrativos:

1.- O 20/06/2024 a Educadora Social do Concello emite informe no seguinte senso:

"Á vista do requirimento de emenda efectuado pola Subdirección Xeral de Autorización e inspección de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, onde establece que para acollerse á Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal, débese aplicar o réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, que aproba o réxime de prezos das escolas infantís dependentes desta Consellería, establecendo no seu artigo primeiro que os prezos públicos se actualizarán cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo (IPC) para a Comunidade Autónoma de Galicia no mes de xaneiro anterior ao do curso escolar en que se pretenda que produza efectos, mediante resolución, que se publicará no Diario Oficial de Galicia, do órgano de dirección competente en materia de familia e infancia. O prezo que se establece no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 €"

"Considérase procedente levar a cabo unha modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora Da Taxa pola prestación do Servicio do Punto de Atención á Infancia (Nº de BOP 166 , do 1 de setembro de 2022 tendo en conta a normativa vixente, xa que a gratuidade educativa de 0-3 anos favorece a situación económico a todas aquelas familias que matriculen aos menores no Punto de Atención á Infancia"

2.- O 08/07/2024 a Alcaldía emite providencia incoando o expediente administrativo e solicitando informe á secretaría-intervención municipais

3.- O 10/07/2024 a Educadora Social do Concello emite informe no seguinte senso:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGf7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

"Visto que no Informe Técnico emitido o 20 de xuño de 2024 relativo á necesidade de acometer unha modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do Servizo do PAI, presenta unha inconcreción xa que non se reflicte a normativa completa de aplicación. Polo tanto queda substituído polo seguinte informe:

Á vista do requirimento de emenda efectuado pola Subdirección Xeral de Autorización e inspección de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, onde establece que para acollerse á Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal, débese aplicar o réxime de prezos previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, que aproba o réxime de prezos das escolas infantís dependentes desta Consellería, e na RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos. O prezo que se establece na RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2017, pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 €"

"Considérase procedente levar a cabo unha modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora Da Taxa pola prestación do Servicio do Punto de Atención á Infancia (Nº de BOP 166 , do 1 de setembro de 2022) tendo en conta a normativa vixente, xa que a gratuidade educativa de 0-3 anos favorece a situación económico a todas aquelas familias que matriculen aos menores no Punto de Atención á Infancia"

4.- O 10/07/2024 a secretaria-interventora emite o seu informe núm. 131/2024, que se incorpora ao expediente administrativo.

Fundamentos Xurídicos:

1. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

2. O procedemento para aprobar a modificación da ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da *Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia*, que quedará redactada do seguinte xeito:

Modificación do Anexo da Ordenanza Fiscal, punto 1 e punto 2	
Modificación proposta	1. Cota tributaria pola atención educativa. A cota tributaria pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 €. Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 2 deste anexo. Cando o alumnado teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, a cota tributaria da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar. 2. Aplicación da cota tributaria mensual segundo os tramos de renda da unidade familiar. a) Rendas inferiores ao 30 por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €. b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €. c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

	Prezo da praza: 34,91 €. d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Prezo da praza: 69,81 €. e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM. Prezo da praza: 112,13 €. f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM. Prezo da praza: 133,29 €. g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 147,05 €. h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 169,26 €.

Segundo: Abrir un período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da sede electrónica do Concello.

Terceiro: No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Cuarto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da modificación da ordenanza terá lugar cando se publique completamente o texto da modificación no Boletín Oficial da Provincia".

6) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA: DA 330/2024 A 459/2024

A Alcaldesa da conta das Resolucións da Alcaldía da núm. 330 a 459 do 2024, postas a disposición dos concelleiros/as a través do Portal de Cargos Electos.

A Corporación queda enterada.

7) DACIÓN DE CONTA DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Alcaldesa da conta dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, mediante a remisión das seguintes actas a través do Portal de Cargos Electos:

1) Acta XGL do 20.06.2024

A Corporación queda enterada.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

8) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DA INTERVENCIÓN RELATIVOS Á ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

A Alcaldesa da conta dos Informes da Intervención relativos á estabilidade orzamentaria emitidos nos seguintes expedientes, postos a disposición dos concelleiros a través do Portal de Cargos Electos:

- MC 13/2024
- MC 14/2024
- MC 15/2024
- MC 17/2024

A Corporación queda enterada.

9) DACIÓN DE CONTA DO PMP DO 2T 2024

A Alcaldesa da conta do Período Medio de Pagamento a Provedores do 2º trimestre do exercicio 2024 que ascende a 36,49 días.

A Corporación queda enterada.

10) MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA

10.1) MOCIÓN DO PSDG-PSOE PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE PEDIATRÍA EN LOUSAME

A voceira do PSdG-PSOE considera que este asunto é de máxima urxencia para o Concello de Lousame. Por iso considera que debe ser aprobada a urxencia desta moción.

A Alcaldesa pregúntalle á voceira do PSdG-PSOE se é coñecedora de que hai unha baixa no Centro de Saúde.

A voceira do PSdG-PSOE contesta que si, pero as baixas teñen que cubrirse. A moción pretende solicitar que se cubra e se preste correctamente o servizo. Non só afecta ao servizo de pediatría, senón que hai outros servizos nos que está habendo dificultades nos meses de verán.

A Alcaldesa pregúntalle: “En Lousame?”. Explica que hoxe mesmo estivo falando coa persoa que leva o Centro de Saúde....

A voceira do PSdG-PSOE comenta que falaron do tema de que non sexa posible pedir cita para a matrona....

A Alcaldesa comenta que non conta con todos os datos e información suficiente para tratar esta moción. Prefire volver a falar cos médicos, ter información veraz e logo tratar este asunto. Agora imos votar a urxencia. Non é que considere que o asunto non sexa urxente... Pero precisa recabar información para poder

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

estudar e tratar a moción. Seguramente no mes de agosto teña que celebrarse algún pleno extraordinario, con algún asunto que hai que tratar.... Entón na Comisión Informativa podería debaterse este tema, e incluso facer unha moción conxunta. Pero precisa ter información directa do Centro de Saúde. Engade que ela está traballando neste asunto dende o momento no que tivo coñecemento de que non había pediatra, por unha nai que se achegou ao Concello. Parece que a baixa nun primeiro momento ía ser longa, pero a final foi máis curta. Pode non haber pediatras, pero si outros médicos que substitúan a ese profesional.

A voceira do PSdG-PSOE di que ese é o problema que hai cando veñen as vacacións de verán, ou outras situacións... Hai dificultades para substitucións.

O voceiro do Grupo Mixto di que vai votar a favor da urxencia, aínda que non coñece o contido da moción. É un tema bastante grave que o BNG xa levou ao Parlamento Galego porque está sucedendo en toda a comarca Muros-Noia.

A Alcaldesa repite que se os datos son os correctos incluso estarían dispostos a facer unha moción conxunta. É un tema urxente e importante, pero logo ao mellor temos que votar que non á moción por falta de datos e argumentos sólidos e contrastados. Igual neste tipo de mocións é mellor ter unha reunión previa, para tratar de consensuar. Pero está totalmente aberta a estudar este tema. A súa postura vai ser esa: tratar este tema o antes posible pero unha vez que recabe toda a información do Centro de Saúde, sobre todo sobre eses dous puntos que acaba de mencionar: pediatría e que non dan cita para a matrona.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por catro (4) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto) e seis (6) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP), sendo once (11) o seu número legal de membros, rexeita a urxencia da moción e non pasa a ser incluída na Orde do Día do Pleno.

10.2) MOCIÓN DO PSDG-PSOE PARA A MELLORA URXENTE DO CAMPO DE FÚTBOL DE LESENDE

A voceira do PSdG-PSOE considera que este asunto é tamén é urxente, para acometer todas as xestións necesarias para a mellora do campo de fútbol. Non se volveu falar deste asunto tras a última reunión dos voceiros, e o equipo de goberno tampouco expón como vai resolver este tema.

A Alcaldesa sinala que xa o explicou fai un momento.

A voceira do PSdG-PSOE tamén pensa que os 100.000 euros non solucionan o problema. E tamén cren que o saneamento ten prioridade. Pero hai subvencións novas que tamén dan posibilidades.

A Alcaldesa pregunta a que subvencións novas se refire.

A voceira do PSdG-PSOE refírese a unha modificación de crédito para dotar a achega municipal para uns proxectos con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental.

A Alcaldesa somete a votación a urxencia do asunto.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once o seu número legal de membros, polo tanto co quórum da maioría absoluta, acorda a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A voceira do PSdG-PSOE procede á lectura da moción, que é do seguinte teor literal:

Moción para a mellora urxente do campo de fútbol de Lesende

Exposición de motivos

O campo de fútbol de Lesende atópase nun estado deplorable, cun céspede desgastado e en malas condicións que impide o seu correcto uso. A pesar das reiteradas peticións por parte dos usuarios e entidades deportivas, o Concello non tomou as medidas necesarias para resolver este problema canto antes.

Esta situación está a ter un impacto negativo na práctica do deporte en Lousame. Os equipos de fútbol non poden adestrar nin disputar os seus partidos no campo, o que vai reducir o número de escolas deportivas e obrigar á poboación a desprazarse a outros municipios para practicar deporte.

Isto supón un detrimento na calidade de vida dos veciños de Lousame, que se ven privados dun espazo esencial para a práctica de actividade física e o lecer. Ademais, a falta de investimento no campo de fútbol tamén está a afectar a imaxe do municipio, xa que non se ofrece un espazo adecuado para a celebración de eventos deportivos.

Por outra banda, cómpre destacar a mala xestión dos fondos destinados ao departamento de deportes. No canto de investir na mellora do campo de fútbol, que é unha necesidade urxente, estanse utilizando para arranxar uns vestiarios dun campo de fútbol da Silva que non se utiliza.

A mellora do campo de fútbol de Lesende é unha necesidade urxente para o municipio. Esta medida permitirá recuperar un espazo esencial para a práctica do deporte e o lecer, mellorar a calidade de vida dos veciños e ofrecer unha mellor imaxe do municipio.

Proposta

Por tanto, proponse ao Pleno do Concello de Lousame a aprobación da seguinte MOCIÓN:

Substitución inmediata do céspede do campo de fútbol:

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Débese realizar un cambio urxente do céspede do campo de fútbol, utilizando para isto materiais de alta calidade que garantan a súa durabilidade.
- É necesario elaborar un plan de mantemento periódico do campo para evitar que volva deteriorarse co paso do tempo.

Ampliación das instalacións deportivas:

- Débense ampliar as instalacións deportivas do municipio, creando novo equipamento que permita a práctica de diferentes modalidades deportivas.

Xestión eficiente dos fondos do departamento de deportes:

- Débese realizar unha xestión eficiente e transparente dos fondos do departamento de deportes, priorizando o investimento naquelas áreas que máis o necesitan, como o mantemento das instalacións deportivas e a promoción do deporte entre a poboación.

Conclusión

Solicítase ao Pleno do Concello de Lousame a aprobación da presente moción.

Lousame, a 26 de xullo 2024

A Alcaldesa comeza a quenda de intervencións dicindo que nota certo descoñecemento acerca das actividades que se fan en materia de Deportes no Concello, así como nos arranxos e mantementos nas instalacións deportivas, e sobre os investimentos feitos nesas instalacións. O Concello ten dous campos de fútbol, e se non se xoga nun, pódese xogar noutro. Os Concellos limítrofes veñen xogar aos nosos campos, non Lousame vai xogar aos campos deles... O problema é a falta de xogadores, a falta de rapaces para as escolas deportivas. O Concello fomenta o deporte no colexio, con escolas deportivas que se desenvolven durante todo o ano. Hai dous campos de fútbol con céspede de artificial. Un deles é o campo de Lesende, que precisa ser renovado. O importe desa actuación está entre os 160.000 até case que os 200.000 €. O Concello solicitou informes técnicos, colaboración coa federación de fútbol.... leváronse a cabo todas as actuacións necesarias, como sempre se fai, traballando intensamente e facendo todos os contactos. Tamén preguntou na Deputación Provincial. A resposta non a vai a dicir... pero en principio, non. Non quere concretar a contestación que lle deron...

A Alcaldesa continúa dicindo, en canto a que os vestiarios non son necesarios, haberá que dicirlle á xente que adestra aí que efectivamente non son necesarios; cando hai algún pai do Lesende que manifestou na reunión no Concello que si que eses vestiarios eran necesarios porque se non os xogadores tiñan que desprazarse até o Polideportivo, que aínda que está cerca, precisa de atravesar un anaco de vía. Ademais é unha esixencia que nalgún momento fixeron incluso os árbitros.

En canto ás actuacións que se fixeron nas instalacións deportivas, comenta as seguintes: 1) Polideportivo. Era unha instalación de moitos anos na que se fixeron continuamente actuacións, pouco a pouco. Renovar o

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

pavimento. Facer o illamento interior. Cambio da cuberta. Cambio de luminarias para non pagar as facturas terribles de luz que chegaban. 2) Piscina. Recorda perfectamente como estaba a piscina cando empezou a traballar no Concello, o aspecto lamentable e ruinoso que tiña. Fixéronse actuacións importantísimas e seguirán a facelas. Como por exemplo a substitución dunha das bombas. 3) Pista deportiva do Sanguiñal. Xa explicou varias veces que é unha urxencia, dado que alí van moitos usuarios. Este inverno polo propio deterioro que tiña a cuberta, voou. O Concello non pode correr o risco de causar algún dano en ningunha persoa. Mandouse retirar a cuberta. E o orzamento para arranxar son arredor de 52.000 €. Sacarse dalgunha partida e tentarse de arranxar este outono. 4) Fondo de Compensación Ambiental. A voceira do PSdG-PSOE parece que quería dicir que podíamos sacar financiamento de aquí para a EDAR. O Concello de Lousame ten un compromiso adquirido coa Consellería sobre a aportación que lle corresponde cada ano. E agora imos adiantar 100.000 €, porque ao mellor para o ano, non existe tanto remanente. Coida que si, pero se alguén é sensato, prudente, razoable, ten que dicirlle a verdade aos veciños.

Insiste en que o Concello está facendo todas as xestións posible para arranxar ese campo de fútbol. Pídelle ao concelleiro delegado, D. Ramón Manuel Martínez Rial que foi o que viñeron solicitar membros dese equipo de fútbol.

D. Ramón Manuel Martínez Rial explica que viñeron solicitar que se faga o mantemento anual do céspede do campo de fútbol: peiteado, aspirado, etcétera.

Que non se fai mantemento nos campos é unha falsidade. Si que se fai mantemento e faise nos dous campos. Agora hai que agardar a conseguir a financiación, que se conseguirá. Pero por máis que esteamos dicindo o que queiramos, se non se consegue non se pode facer a obra. Agarda que para o ano que ven, haberá que renunciar ao mellor a pedir outra, con esa parte que teñamos no remanente e co que poidamos conseguir con algunha obra que se presente nalgún plan, xa teñen toda a intención e vontade de facelo.

A voceira do PSdG-PSOE di que un dos temas dos que fala a moción é ter un plan. O que non podemos é estar sacando de aquí para poñer alá. Hai moitos espazos deportivos que Lousame pode aproveitar e desfrutar. Pero hai ter un plan de mantemento para ter e manter.

A Alcaldesa responde que iso é o que están a facer todo o tempo.

A voceira do PSdG-PSOE comenta que a Alcaldesa só falou dunha entidade, só falou de pedir cartos á Deputación. A Deputación foi a responsable de poder colocar os primeiros céspedes. Onde está o resto de entidades ás que se lle pode pedir financiación? Se a Deputación di que non, haberá que pedir noutro lado.

A Alcaldesa sinala que cando se refire a pedir noutro lado, se estará referindo á Administración Autonómica...

A voceira do PSdG-PSOE di que non só á Administración Autonómica. Tamén cando a Alcaldesa fala da reparación da pista do pavillón... aí tamén houbo subvencións para aforro enerxético.

A Alcaldesa di que ela non é, ni ninguén dos que está aquí, quen decide para onde se destinan as liñas de subvencións das diferentes Administracións. Se aparece convocada publicamente unha liña para aforro enerxético o Concello non pode destinar esa axuda a outra cousa. E como era moi importante e non quere recordar, por respecto a Corporacións anteriores, como estaba a instalación do polideportivo, a que estaba conectada, e como estaba... ao mellor sen boletín aprobado... Todo iso se fixo e hai un plan. O que non podemos prever de antemán é que voe unha cuberta. O que non podemos prever de antemán é que se estrague unha bomba... Por outra banda, ten que haber esas modificacións de crédito. Se nos dan unha subvención con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental para un saneamento e para unha reparación dun depósito de auga... pero esixen unha pequena achega municipal... renunciamos a eses investimentos por non facer a modificación de crédito? Sería totalmente irresponsable. Facer todo non se pode. Pero

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

sabemos que o campo de fútbol o necesita, e o imos acometer. Esa información foi trasladada ao club e tamén que está facendo todo o posible para acadar financiación.

Por outra banda levan moito tempo para construír os vestiarios no campo de fútbol. Era unha gran reclamación social e deportiva. E tamén política. E agora resulta que agora de repente, se cambia de opinión, e xa non son necesarios os vestiarios do campo de fútbol... A verdade é que todo iso a volve un pouco tola.

O voceiro do Grupo Mixto di que o seu voto vai ser favorable a esta moción. Está traballando constantemente coa directiva en relación a este tema. Gustaríalle saber, non fai falla dar nomes, se foi o presidente, o vicepresidente, a persoa coa que a Alcaldesa tivo a xuntanza... Quere recordarlle á Alcaldesa en que se quedara que os voceiros foran ao campo para ter alí unha reunión. Segue agardando a que Alcaldesa poña a data para esa reunión. É unha obra moi necesaria, porque tal e como está o campo o que provoca é lesións nos xogadores. Se pecha ese campo o Concello vai perder o usufruto que ten sobre esas instalacións, co cal o Concello estaría perdendo bastante. Veñen aí os orzamentos da Xunta e do Estado. Cre que é unha labor do Concello, engadirlle a esta moción, solicitar a emenda dos Orzamentos do Estado e da Xunta, para acadar a financiación para o campo de fútbol de Lesende.

A Alcaldesa sinala que ela tivo reunión sobre este tema con todas as persoas que quixeron vir: presidente, vicepresidente, secretario, axudantes, todos os que quixeron vir. Logo pediron unha reunión con dous técnicos que viñan a explicar a situación. Entón, non é que ela non queira recibilos. Cre que o Sr. Moledo Carreño non é consciente da cantidade de traballo que hai no Concello. Non tivo até o de agora nin un só momento para recibilos. Pero iso non significa que non queira recibilos nin que non os vaia recibir. E cando os vaia recibir, chamará aos voceiros. Tamén terá contacto e pedirá que alguén da Federación poida achegarse. En relación a que van pechar o campo, que o Concello vai perder... Iso son cousas que di o Sr. Moledo Carreño. O Concello non quere pechar o campo...

O voceiro do Grupo Mixto di que iso o dixo a Alcaldesa.

A Alcaldesa di que non. Que ela non minte. O Sr. Moledo Carreño pode manipular o que queira, pero ela non minte. O que ela di é que hai que agardar, como se está agardando neste momento, até conseguir a financiación. Se eles non queren agardar, ela non pode forzalos a xogar no campo. Como ben escoitou ao seu concelleiro, a directiva solicitou ao Concello que fixera, como todos os anos, o mantemento do campo de fútbol. E vaise facer. Aínda que recorda que agosto é un mes moi complicado. Polo tanto, o compromiso e o mantemento das instalacións está aí. Que hai que manter o que se ten antes que construír algo novo. E cando dicimos na Deputación que temos dous campos de fútbol, pídelle á oposición que lle pregunte ao deputado Señor Leira, que o coñecen ben, e xa verán o que el opina disto.

O voceiro do Grupo Mixto explica que na Xunta de Voceiros, a Alcaldesa dixo que esa reunión era para falar das xestións que ela estaba a facer nese campo. Naquel intre el non quixo discutir coa Alcaldesa sobre este tema, pero el sabía que era esa reunión porque xa llo comentaran os directivos do club. Cando houbo a Xunta de Voceiros, estiveron eles aquí, e dixeron que querían unha reunión con eles para que viñeran técnicos da Federación. A Alcaldesa, tanto a el como á voceira do PSdG-PSOE, díxolles que esa reunión era sobre as xestións que estaba a facer polo campo.

A Alcaldes dille que está a mesturar dúas cousas. Ela dixo textualmente isto: que tivera contactos coa Federación de Fútbol para que redactaran o proxecto técnico para a remodelación do campo. Da petición da reunión do Lesende, eles pediron que a Alcaldesa convocase unha reunión cando puidera...

A voceira do PSdG-PSOE e o voceiro do Grupo Mixto din que non cando puidera... Falouse de convocar para esa semana e se non era posible, para a seguinte semana.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGf7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa volve a recordar que no Concello hai moito traballo. Moitas xestións. Simplemente aclarar que eran dúas reunións diferentes. A segunda era para que viñeran os técnicos. Esta segunda reunión é a que está pendente, e será feita en breve. Os voceiros serán avisados para que poidan vir a esa reunión. E ela traerá a alguén da Federación de Fútbol. E a primeira reunión era para falar do proxecto técnico. O Sr. Moledo Carreño está confundindo a información. A directiva pediu esa reunión, que está aínda sen convocar. E ela xa lles deu a información aos membros da Directiva sobre que falara coa Federación de Fútbol para que asumisen a redacción do proxecto técnico para acometer as obras de cambio de céspede. Polo tanto son dúas reunións diferentes. A segunda aínda non está convocada. E a esta segunda reunión é onde acudirán dous técnicos da Federación, tal e como dixo o presidente do club, para explicar por que se producían esas lesións. Esa é a reunión que está pendente.

O voceiro do Grupo Mixto insiste en que a persoa que se confunde é a Alcaldesa. Alí mantivéronse unhas conversas, que non son obxecto agora de debater, pero a directiva veu pedir que nesa mesma semana se celebrase unha reunión; e se non podía ser, que se marcase xa un día na axenda, para a semana seguinte. E iso foi no que se quedou. E esa reunión non se tivo. E é certo que vostede nesa primeira reunión xa nos dixo que mantivera contacto coa Federación para que lle fixeran o proxecto técnico. Tamén lles dixo que se estaba preparando un campeonato de fútbol para facer na Silva, que finalmente se suspedeu, polo que a el lle contaron, polos impedimentos que se lles estaban poñendo por parte do Concello....

A Alcaldesa gustaríalle que o Sr. Moledo Carreño non houbese quitado ese tema, xa que non quería meterse aí. Pídelle que veña ao Concello durante esta semana. E ela vaille explicar por que non se celebrou ese campionato, así como que o Concello foi o último en coñecer de que non se celebraba. Porque organizar un campionato de fútbol leva unha programación longa. Púxoselles todo á súa disposición. Absolutamente todo: técnicos, protección civil... Non foi por culpa do Concello, ao contrario. Se o Sr. Moledo Carreño quere falar diso con detalle, falarán. Non vai facer leña do árbore caída... Podería, pero non o vai facer.

Fïnalizada a quenda de intervencións, sométese a votación a moción.

O voceiro do Grupo Mixto, di que quere presentar unha emenda á moción presentada polo PSdG-PSOE. A emenda que quería facer é que o Concello se comprometa a emendar os orzamentos da Xunta e do Estado, e pedir unha partida orzamentaria para o campo de fútbol de Cabanetán. Cre que é unha emenda razoable. Todos os partidos políticos van emendar tanto os orzamentos da Xunta coma do Estado.

A voceira do PSdG-PSOE considera que a emenda plantexada polo Grupo Mixto é axeitada, e acepta que se emende a moción engadindo esa petición.

De seguindo procédese a votar a emenda plantexada polo voceiro do Grupo Mixto.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por catro (4) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto) e seis (6) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP), sendo once (11) o seu número legal de membros, rexeita a emenda plantexada polo Grupo Mixto.

A continuación, procédese a votar a moción presentada polo PSdG-PSOE.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por catro (4) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto) e seis (6) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP), sendo once (11) o seu número legal de membros, rexeita a moción do PSdG-PSOE para a mellora urxente do campo de fútbol de Lesende.

A Alcaldesa di que vota en contra polas argumentacións da moción e polas falsidades que se din.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

10.3) MOCIÓN DO PSDG-PSOE PARA UN PLAN DE VIVENDA SOCIAL NO CONCELLO DE LOUSAME

A voceira do PSdG-PSOE considera que este é un tema urxente e esencial para o Concello de Lousame. Temos algún elemento que se podería incluír para esta finalidade, e facer un plan que dispoña os elementos, as propiedades dispoñibles, en realidade temos unha vivenda dispoñible, e que se poida facer un plan xeral que incorpore un elemento adicional de resposta aos veciños e á sociedade nas necesidades de vivenda social.

De seguido procédese á votación da urxencia da moción.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por catro (4) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto) e seis (6) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP), sendo once (11) o seu número legal de membros, rexeita a urxencia da moción e non pasa a ser incluída na Orde do Día do Pleno.

A Alcaldesa pídelle á voceira do PSdG-PSOE que lle diga cales son as propiedades que ten o Concello para isto.

A voceira do PSdG-PSOE di que hai unha casa en Cabanetán.

A Alcaldesa di que iso non é un Plan de Vivenda Social.

A voceira do PSdG-PSOE di que logo o fará no punto de rogos e preguntas.

10.4) MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE OS FESTIVOS LOCAIS PARA O 2025

O voceiro do Grupo Mixto sinala que estivo revisando os decretos e non atopou ningún que fixase cales serían os festivos locais para o ano 2025. Non vai haber pleno ordinario até o mes de setembro. E vai haber que mandalos antes. Ten que criticar a mala planificación que fai o Concello. A fixación dos festivos locais para o ano 2025 debera ter vido ao pleno de hoxe. Como non viñeron, considera urxente incluír esta moción para aprobar os festivos locais para o ano 2025.

A Alcaldesa considera que aínda se está a tempo de aprobar os festivos locais para o ano 2025. Pregúntalle á Secretaria-Interventora.

A Secretaria-Interventora, salvo erro, cree que aínda non chegou o requirimento por parte da Xunta de Galicia para que se remitan que días son declarados festivos locais no ano 2025.

A Alcaldesa di que no momento que chega o requirimento o Concello puntualmente contesta e trae o asunto ao Pleno Corporativo.

O voceiro do Grupo Mixto di que non vai haber pleno ordinario até setembro... E logo, noutros anos, xa se fixo algún pleno extraordinario en agosto, por mor dos festivos locais. Pleno que se podería ter evitado.

A Alcaldesa recorda que xa antes comentou que no mes de agosto é probable que haxa un pleno extraordinario... non polos festivos locais, senón por outro asunto. Se dese tempo a preparar este expediente dos festivos locais, xa se pode incluír no pleno extraordinario que probablemente haberá en agosto. E se hai

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

prazo até setembro, traerémolo no pleno ordinario do mes de setembro. Non chegou a resolución da Xunta na que reclama que remitamos os festivos locais para o 2025, así que non sabe que prazo hai para remitir esa información. Pregúntalle ao voceiro de Grupo Mixto se lle chegou a el o requirimento... Non vaia a ser que lle chegue antes á oposición que ao equipo de goberno.

O voceiro do Grupo Mixto pídelle á Alcaldesa que non empece outra vez como cando foi coa devolución dos préstamos á Deputación Provincial. Isto é moi sinxelo. Os Concellos cada ano teñen que fixar dous días que serán festivos locais no ano seguinte.

A Alcaldesa pídelle á Secretaria-Interventora que explique cal é o procedemento polo cal se solicita a remisión dos días festivos locais. A Secretaria-Interventora intervén para dicir que a Consellería de Traballo adoita facer un requirimento, non recorda exactamente a data, pero cre que ao longo do mes de agosto, onde se lle solicita ao Concello que lles mande cales serán os festivos locais no vindeiro ano. O Concello pode aprobar cales serán os festivos locais no mes de abril, ou cando considere oportuno. Pero ten que contestar ao requirimento no prazo dado ao efecto. Se non fose posible celebrar un Pleno nese intre, así se fixo o ano pasado, o acordo adóptase por Resolución da Alcaldía que posteriormente se somete a ratificación do Pleno Corporativo. Se fose posible tratar o acordo nun Pleno, pois xa se adopta no seo da sesión plenaria.

D. Ramón Manuel Martínez Rial pregunta se xa están fixados os festivos autonómicos para o 2025.

A Secretaria-Interventora di que non o sabe. Nese requirimento que ven da Consellería de Traballo, cuxo obxecto é fixar os calendarios laborais para o vindeiro exercicio, xa indican cales son os días elixidos como festivos autonómicos. No caso de Lousame non afecta cales son as datas dos festivos autonómicos, pero noutros Concellos si que lles afecta á hora de elixir os seus festivos locais.

A Secretaria-Interventora dille á Alcaldes que de todos os xeitos é preciso votar a urxencia da moción. Indícalle ao Sr. Moledo Carreño que é necesario que as mocións se presenten por escrito.

O voceiro do Grupo Mixto indica que o ROF permite facer mocións a viva voz.

A Secretaria-Interventora sinala que existe un Regulamento Orgánico que di que as mocións se presentan por escrito ante o Pleno Corporativo.

O voceiro do Grupo Mixto di que o Regulamento Orgánico non pode contradicir o que di o ROF.

A Secretaria-Interventora di que hai que cumprir a normativa interna. Non contradí nada, senón que establece unha condición a maiores que acordou o Pleno Corporativo. Se non se está de acordo co Regulamento haberá que cambialo.

A Alcaldesa somete a votación a urxencia da moción.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por catro (4) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto) e seis (6) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP), sendo once (11) o seu número legal de membros, rexeita a urxencia da moción e non pasa a ser incluída na Orde do Día do Pleno.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGf7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

11) ROGOS E PREGUNTAS

A voceira do PSdG-PSOE toma a palabra para sinalar que aínda teñen pendentes de contestar as preguntas formuladas no anterior Pleno ordinario.

A Alcaldesa procede a dar contestación ás preguntas formuladas no pleno ordinario do día 31/05/2024:

1) Pregunta formulada sobre a cuneta de Pascual.

Alcaldesa: Xa foi contestada nese Pleno. Dixo que era unha obra na que se estaba actuando na aldea de arriba. Que Pascual ten dúas obras pendentes e que serán abordadas en próximas anualidades e así llo comunicou aos veciños.

2) Pregunta formulada sobre os sinais viarios e indicadores nas aldeas.

Alcaldesa: Solicitouse fai un ano e seguirán. Agora mesmo estiveron facendo roces os da Deputación, poden pasar a comprobalo, e ver que están todos os sinais tirados. Hai outras que deben ser renovadas, sinais de STOP que rouban, e moitas más incidencias que non recorda por todo o que están a sufrir nese nivel.

3) Pregunta sobre o enderezo da Asociación Taekwondo de Lousame.

Alcaldesa: non ten este dato. Pasóuselle. Intentou pola mañá, pero o persoal que lle podía facilitar este dato non estaba.

4) Pregunta sobre a mellora viaria no viario de Seoane a Aldeagrande, obra cun orzamento de 33.000 €. Parécelle que son moi poucos cartos para o que hai que facer aí.

Alcaldesa: esta obra vai dende o cruce de abaixo até onde chegue esa partida. Irase facendo aos pouco. Hai moitas zonas de raíces.

5) Pregunta sobre o reparo efectuado á Asociación Deportiva Taekwondo, sobre a subvención do ano 2022.

Alcaldesa: Non lle foi posible recabar esta información. Buscará a dita información.

Secretaria-Interventora: Recorda que hai un momento no ano no que se remiten todos os informes de reparo e de omisión de fiscalización formulados pola Intervención; é cando se da conta do informe da Intervención emitido ao abeiro do artigo 218 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Faise unha relación dos reparos que se emitiron ao longo do exercicio e ademais se manda copia de todos os informes de reparo.

O voceiro do Grupo Mixto sabe por que foi posto o reparo. A Asociación presentou a documentación xustificativa fóra do prazo outorgado. Pero a pesar diso, pagóuselle igualmente a subvención dos 1.000 euros. E o que queren saber é por que se lles pagou igualmente. Tampouco sabe que nenos teñen cabida nesa asociación. Xa que hai varios rapaces que practican Taekwondo que non reciben esa subvención porque non están nesa asociación. Se cada pai dun neno que practique Taekwondo se monta unha asociación, o Concello que vai facer? Darlle 1.000 euros a cada Asociación?

Alcaldesa: Considera que o Sr. Moledo Carreño está equivocado. Pero buscará a información. Non recorda exactamente os compoñentes.

O voceiro do Grupo Mixto considera que a Alcaldesa non o está entendendo.

A Alcaldesa di que posiblemente. Pídelle que se explique.

O voceiro do Grupo Mixto explica que no Concello hai varios rapaces que practican Taekwondo, e non van ao mesmo sitio, e non pertencen á mesma Asociación. Entón hai que mirar o xeito de becar a todos os rapaces por igual e non só a aqueles que pertencen a unha determinada Asociación. Se eses outros pais que levan aos seus fillos a outros ximnasios, montan unha asociación, tamén o Concello debería darlle unha subvención.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Alcaldesa: Estudiará a petición do Sr. Moledo.

6) Pregunta sobre se no ano 2024 se van subir impostos ou crear algún novo.

Alcaldesa: É unha pregunta curiosa, sobre todo sabendo que todos coñecen os residuos sólidos urbanos.

A Alcaldesa pídelle aos voceiros que formulen os rogos e preguntas do pleno ordinario do 26/07/2024.

A voceira do PSdG-PSOE formula os seguintes rogos e preguntas:

1) Continuando co que dicía a Alcaldesa antes sobre a cuneta de Pascual e que vai haber máis obras...

Alcaldesa: En Pascual hai unha cuneta, e hai unha cesión. E hai un desnivel grande. Se fixeron actuacións porque toda a auga sobre pasaba a cuneta...

D. Juan José Prego Ces cre que non están falando da mesma cuneta. Eles están falando da cuneta que hai á parte de arriba da estrada que se desborda, pero alí non hai ningún desnivel...

A voceira do PSdG-PSOE cre que alí non hai ningunha cesión.

A Alcaldesa di que si.

A voceira do PSdG-PSOE fala da estrada que vai até Guiende.

A Alcaldesa di que ela tamén.

Dª Iria Insua González da unha serie de indicacións sobre o lugar ao que se refiren.

A Alcaldesa di que é o sitio ao que ela se refire. É unha actuación pendente de facer e que xa a teñen cuantificada. Houbo un temporal. O Estado ía sacar unha liña, pero logo cando a sacou pedía que estivese feito en non sabe que momento... Unhas normas que son dificilísimas de cumprir, e ía facerse daquela. Xa había unha memoria valorada. Agora hai que actualizar os prezos. Tamén hai outra actuación no medio da aldea que está pendente de acometer.

A voceira do PSdG-PSOE di que nesa zona ten moita falta de limpar a zona principal. Fai falla rozar.

A Alcaldesa pídelle á voceira do PSdG-PSOE que fale coa persoa que está rozando. Non para nin un só día pero este ano a vexetación, os que vivimos no rural e temos horta, sabemos o que está a pasar. Cada 15 días tes todo á mesma altura que tiñas os 15 días anteriores. Estase facendo un esforzo grande que se pode comprobar preguntando á persoa que está facendo este servizo. Este indo a todas as parroquias. Ao mellor adiantamos algún sitio onde as vías son máis estreitas, tamén pode comprobar cando están facendo a limpeza outros organismos, etcétera. Van seguir facendo o esforzo. Todos os días insiste neste asunto.

2) Continuando coas estradas por esa zona, de Guiende a Arxellas, hai unha cuneta en moi mal estado, hai grava na estrada...

Alcaldesa: Esa obra xa está metida para poder facer. Nesa zona houbo de pasar algo serio. Porque Google manda ir por aí aos camións. E tiveron que subir marcha atrás para saír desa zona. Xestión con Google para que elimine esa ruta de acceso e que non figuren. Xa o tivemos que facer noutra ocasión que metían aos camións pola Feosa ou Comparada.

Dª Iria Insua González di que ao mellor pódese colocar un sinal que avise de que a estrada é estreita.

D. Juan José Prego Ces di que tamén se podía poñer un sinal de límite de peso.
Alcaldesa: De límite de peso non. Esa estrada non ten saída. Só poden pasar turismos. Para os outros non ten saída.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

D. Juan José Prego Ces di que cun sinal de límite de peso xa só pasarían turismos e non camións.

Alcaldesa: Aínda hai que facelo máis claro. Camións non. Porque non teñen por onde saír. Non vai tirar as casas de Arxellas.

3) En Guiende rematouse unha obra. Podíase prolongar un pouco máis, non ve correcto o encontro dun pavimento con outro. Vai romper en dous días.

Alcaldesa: a obra non está rematada. Todo se podía prolongar un pouco máis. Pídelle á voceira do PSdG-PSOE que veña ao Concello, lle ensina o plano e lle di xunto ao punto ao que se refire e ela lle explica o que pasa aí. Non saben os concelleiros os problemas que está traendo a execución desa obra. Cre que foi alí unhas seis veces, en relación ao desenvolvemento desta obra.

Dª Iria Insua González volver dar indicacións para localizar ao punto no que se refiren; no que consideran que o pavimento queda cortado e que en breve vai ser levantado.

Alcaldesa: o obra está sen rematar. Mirará ese punto concreto para comprobar o que sinalan.

4) Fai referencia a un decreto que fala de aprobar unha certificación relativa ao lavadoiro de Meixonfrío. Este lavadoiro arranxouse fai moito tempo e o informe da Secretaría e do 2019....

Alcaldesa: Fai moito tempo que se arranxou ese lavadoiro?

A Secretaria-Interventora di que hai un erro na data do informe.

Alcaldesa: Hai unha errata nese decreto, na data do informe. O arranxo do lavadoiro fíxose este ano. E non foi só a cuberta.

A Secretaria-Interventora confirma que hai un erro na data do informe que se reflicte no Decreto. A factura é do 30 de maio; polo que o informe non pode ser do ano 2019. No expediente electrónico figura o informe coa data correcta. Pero no decreto reflectiuse mal.

5) A Alcaldesa falaba antes de limpar... Estivo limpándose nunha zona de San Finx, pero é preciso reparar as varandas de protección. Tamén sería conveniente, falando de zonas turísticas, limpar a zona fluvial de Vilacoba xa que ten moita falta. É certo que co verán que estamos tendo todo medra moi rapidamente. Pero é unha zona que se quere potenciar, que se quere promocionar, e polo tanto ten que ser coidada.

Alcaldesa: Se alguén tivo interese dende o 2003 en promocionar esa zona, é ela. Apostou sempre polas rutas igual que outra concelleira que había naquel momento aquí. Varios meses ao ano trabállase alí. Limpouse en Brandia. E están encargados máis tramos. Non está segura se xa están feitos todos. Houbo unha corta de leña que deixou moi deteriorada a zona. Fixeron as xestións cos propietarios para que se puidera acceder ás parcelas e empacar todos os residuos de corta. Volverá en breve a ir para ver como está. E por suposto que será limpada toda a ruta. Tamén está en contacto coa xente do sendeirismo que lle avisan de cada cuestión que debe ser arranxada. Recorda que os traballadores do Concello substituíron zonas de pasarela que estaban deterioradas. Pode recoller todos os datos e enumeralos no próximo Pleno ou na vindeira Xunta de Voceiros. A herba está crecendo moitísimo. Veo nas depuradoras. Limpáronse fai 15 días e volveu a pasar e algunha xa non se ve. Se hai tempo seco e non chove, contrólase. Pero se ven 2 días de chuvia e 3 días de sol.... é dinamita.

6) Quere preguntar polo interior do núcleo de Cairo. Tamén pregunta pola zona do lavadoiro...

Alcaldesa: coñece perfectamente a petición; porque xa fixeron os veciños fai tempo. Pero esa obra está ligada a un saneamento. Se arranxamos o asfalto do interior do núcleo hai que prever o emprazamento da fosa séptica, onde se vai levar... e está traballando nisto. O outro día foron a Vilacoba, para manter a zona do lavadoiro e as escaleiras. Pídelle que

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

vaia mirar como quedou. Pero todo á vez non se pode facer. Quedou todo moi ben. E así llo trasladaron os veciños... Pero todo á vez non se pode facer. Pregúntalle á voceira do PSdG-PSOE se sabe cantos lavadoiros hai no Concello. Recoméndalle que os conte.

A voceira do PSdG-PSOE e D. Juan José Prego Ces falan do mal estado dun transformador, que da servizo ao alumeado público.

A Alcaldesa pregunta a quen pertence esa caixa.

D. Juan José Prego Ces cre que é parte do alumeado público.

A Alcaldesa di que mañá irá a Cairo, mirará e logo xa lles dará información.

7) Retomando o tema das propiedades municipais, viña nos decretos o IVE do albergue de Toxosoutos. A licitación é do 2018, e a sinatura do contrato é do 2019. Saíu caro porque cre que nese albergue non se está a facer nada pola calidade do turismo en Lousame. Concedeuse unha licitación moi por debaixo do prezo de saída. E xa levan 5 anos. Cre que hai que retomar esta licitación. Como outras propiedades, como unha vivenda que está parcialmente arranxada e se está deixando caer.

Alcaldesa: A Alcaldesa di que non só hai que retomar esa licitación. En relación á casa de Camboño, a semana pasada acercouse un arquitecto para ver o estado actual no que está a casa, porque é preciso que estea todo correcto para poder sacar a poxa. É preciso que figure a situación na que está actualmente e non o que era cando se adquiriu. Iso non estaba feito, e por iso estaba sen licitar. Hai que sacar iso. Hai que volver a licitar o albergue de Toxosoutos, hai que volver a sacar a concurso o da Mina de San Finx... Todo iso leva un tempo. E os técnicos municipais teñen que priorizar entre emerxencias e urxencias. Pídelle que lle pregunte ao técnico de contratación todas as cousas que estamos preparando e que si que son vitais. Estamos preparando o convenio do Centro de Día, para que poida ter máis usuarios e que outros Concellos aporten para o seu mantemento e acheguen o que corresponda... E a Secretaria-Interventora ten que ter tempo de facer estes expedientes, porque logo veñen outros que non se esperan. Se o Consello de Contas manda un requirimento hai que atendelo, si ou si. Porque o Concello de Lousame ten aprobado todo o que hai que mandar, ten rendida todas as contas... Igual hai outros organismos que non o teñen cumprido. Dentro do ámbito que nos rodea, cre que o Concello de Lousame o está facendo bastante ben. Isto non é unha escusa. Lousame é un concello pequeno que fai moitas cousas, e xestiona moitas cousas. Ten una secretaria-interventora e un Técnico de Administración Xeral, que preparan moitas cousas... Cada vez que ela apura, non se poden imaxinar a cantidade de cousas que teñen sempre sobre a mesa. Non é un tema que a Alcaldesa poida resolver por si soa, sen eses técnicos. Os técnicos pregúntalle a ela, "que fago antes?"... E aí é onde hai que decidir entre a emerxencia e a urxencia. Vostedes por que se decidirían?

A voceira do PSdG-PSOE non fala só do momento de sacar a licitación, senón da calidade da licitación. Que queremos promocionar? Se só imos a pedir que alguén o alugue ao prezo máis caro ou pedir que xestionen ese edificio que ten unha saída...

Alcaldesa: recorda que na anterior licitación, pediuse a cada licitador que presentasen un proxecto. E houbo que valorar o que presentaron.

A voceira do PSdG-PSOE di que non había xuízos de valor. Só criterios económicos.

Alcaldesa: Cre que a voceira do PSdG-PSOE está confundida. Si que se valorou o proxecto técnico. Vai recuperar o expediente porque xa pasou moito tempo e non quere dar datos errados.

A voceira do PSdG-PSOE di que se licitou por debaixo do prezo de licitación e non veu criterios de xuízos de valor. Igual houbo que entregar o proxecto, pero igual non se valorou dentro do concurso.

Alcaldesa: recorda perfectamente como foi valorado. Veu a Pleno. Pero fai moito tempo e non o recorda ben. Claro que hai que sacar esta licitación. E todas as outras anteriores que lle mencionou. Non entende porque di que se licitou por debaixo do seu valor.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGf7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A voceira do PSdG-PSOE di que o prezo de licitación era 2.400 € anuais ou cada dous anos, non recorda... E adxudicouse por 1.600 €...

A Alcaldesa di que o edificio está arranxado e mantido. Se ese edificio está baleiro sen utilizar xa sabe o que pasa. Cando ela chegou ao Concello houbo unha adxudicación fallida e estivo deserto moito tempo. No momento de licitar mirouse o xeito de que fose por máis tempo pero había dificultades. E se o fixemos máis corto é máis doado, pero as empresas en 2 ou 4 anos non teñen tempo a recuperar os investimentos que poidan facer.

A voceira do PSdG-PSOE di que este contrato xa leva 5 anos...

A Alcaldesa di que cando se empeza unha licitación non sabe o que vai acontecer no futuro. Por exemplo, cre recordar que Lousame foi o primeiro Concello na redonda que licitou a subministración da enerxía eléctrica. Esa licitación xa venceu... E son expedientes complexos. Non temos a capacidade para poder licitar todo. Que facemos? Non licitamos as obras do POS? Non é que os técnicos non traballen. Todo o contrario. Pero hai moitísimo volume de traballo para realizar a nivel administrativo. E temos o persoal que temos. Pero non temos posibilidade de ter un habilitado máis. Sería marabilloso ter un interventor a maiores... Pero non o permite a lexislación. E os Concellos que teñen esa capacidade tampouco logran licitar todo.

A voceira do PSdG-PSOE insiste en que non está discutindo isto. Non lle importa que sexa máis tarde a licitación. Está pedindo que no momento que se faga se faga cuns xuízos de valor.

Alcaldesa: Xa houbo xuízos de valor.

A voceira do PSdG-PSOE di que non. Que dependendo do tipo de contrato pode haber ou non. E cre que se ten que valorar máis a xestión que se fai dos espazos públicos.

Alcaldesa: insiste en que iso estaba valorado.

A voceira do PSdG-PSOE di que xa sabemos como se utiliza iso.

Alcaldesa: entende que iso é outra cousa.

A voceira do PSdG-PSOE di que debe xestionalo alguén de aquí, máis próximo e dunha forma conveniente.

Alcaldesa: houbo 2 contratos dese albergue. E á xente lle ía ben. Pero logo renunciaron, por unha ou outra razón. Que non vai expoñer pero son razóns persoais. Logo viñeron outras empresas alleas ao Concello. Porque iniciativa hai a que hai. Hai algunha iniciativa turística interesante, que non vai mencionar até que estea consolidada... e tampouco é de xente do Concello.

A voceira do PSdG-PSOE di que sempre que aporten traballo aos de aquí... pero non é o caso noso.

Alcaldesa: considera que si. Na limpeza, nos roces.... o que está claro é que ela quere licitar todo o que poida, pero o pode facer cos límites técnicos e persoais que ten...

O voceiro do Grupo Mixto toma a palabra e plantexa os seguintes rogos e preguntas:

1) En primeiro lugar quere felicitar ao concelleiro D. Esteban Ares García polo seu ascenso, como presidente do congreso local do Partido Popular.

D. Esteban Ares García dálle ás grazas pola felicitación.

2) Quere facer un rogo en relación ao miradoiro Monte-Muralla. O outro día case cae unha rapaza de alí abaixo porque hai unhas táboas soltas....

Alcaldesa: Xa se arranxaron unhas. Houbo táboas arrincadas por vandalismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O voceiro do Grupo Mixto di que hai un anaco de malla que está solta.

A Alcaldesa di que isto si é unha urxencia. Toma nota para arranxar os danos que poida haber.

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte unha horas e cincuenta e cinco minutos (21:55 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A Alcaldesa, Mª Teresa Villaverde Pais

A Secretaria, Paula Ares Otero

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 29/08/2024 13:06:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 29/08/2024 13:09:00)
Versión imprimible
CVD: tQ2sNGF7T9jU94Ys5KfI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).